

XUÍZO ao Meco 2017



Meco ruín e malvado

Nós queremos queimar
Porque ti es o culpable
dos males da *humanidá*!!
Mal vai o goberno,
mal a oposición
Se isto non mellora
“Con Vigo na Maleta”
teremos que emigrar.

Uns somos do Barça,
outros do Madrid
e o noso Celtiña
non fai máis que sufrir.
Pero nestes días
non nos preocupamos
comemos, bebemos
e tamén bailamos!!!

Meco ruín e malvado...
este é noso xuizo...:
ao malvado Meco...
mandamos queimalo!!!!!!

E NA súa DEFENSA, o Meco deixa COMO TESTAMENTO....

Ai triste de min! Despois dunha semana de “glamour”, de mandatos e ordes... resulta que agora vou ser: carne á grella!!!!

Infelices, desgraciados, lacazáns! queredes botarme ao lume!!

Ai miña naiciña! Eu; un meco preparadísimo, que estudei nas mellores universidades a distancia, que fixen másteres para adornar as paredes da sala...aahh!!

Que queden, entón, as cousas que máis aprezo:

- para os de Infantil: a miña maleta, para que xoguen con ela.
- para os de Primaria: os meus zapatos, que entren nesta Etapa con bo paso!!
- para Santi, con tanta pintura, arranxos e traballos precisa todas as forzas; entrégolle: as miñas greñas, que el perdeu a súas melenas!!!
- para Chus e claustro de profes: deixo un compás, que andan perdidas, e perdidos, de tanto viaxar!!!
- e para as da ANPA: a miña colección de discos, que din que a música fai máis levadeiras tantas tarefas!!

Ala, xa está!!, xa podedes comezar cos chisqueiros, que a Festa ten que continuar!!!